



# CEIP A MAÍA

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
  - 1.1 Datos básicos do centro
  - 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
  - 1.3 Breve xustificación do mesmo
  - 1.4 Proceso de elaboración
  
2. **Situación de partida**
  
3. **Plan de Acción**
  - 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
  - 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
  
4. **Avaliación do PD**
  
5. **Difusión do PD**

## 1 Introducción

### 1.1 Datos básicos do centro

CENTRO: CEIP A Maía

DIRECCIÓN: Peregrina s/n, 15220- Betamirnáns Ames – (A Coruña)

EMAIL: ceip.a.maia@edu.xunta.gal

WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/>

ETAPAS EDUCATIVAS: Infantil e Primaria

ALUMNADO: 581

PROFESORADO: 44

### 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características Socioeconómicas:**

- O CEIP A MAÍA que pasou a ter este nome a partir de marzo de 2010, chamándose anteriormente CEIP Bispo Guerra Campos, está situado na comarca da Amaía en Bertamiráns -Ames que pasou de ser un núcleo rural a un núcleo urbano en contínuo proceso de crecemento.
- A situación económica e cultural das familias do alumnado que asiste ao Centro é na súa maioría media alta e dedícase principalmente ao sector servizos. Neste momento existe un pequeno porcentaxe de alumnado máis desfavorecido, fundamentalmente procedente de familias migrantes, e que apreciamos que cada curso vai en aumento.
- Bertamiráns, é a cabeceira municipal do concello de Ames e dista 9,8 km de Santiago de Compostela e 5,8 km do outro núcleo urbano amiense o Milladoiro, sendo o espazo de maior valor paisaxístico este val fluvial Amaía percorrido polo río Sar que cruza esta localidade. Hai establecidas rutas turísticas: as terra de Ames tiveron importancia dende tempos prehistóricos como se evidencia na abundancia de xacementos e restos arqueolóxicos magalíticos e da idade dos metais. Conta con Pazos como o da Peregrina, Lens, Leboráns, Quintáns e Casa de Sandar; capelas e igrexas con características arquitectónicas dos estilos barroco e neoclásico e de épocas anteriores que remontan ao século XIV; cruceiros, petos de ánimas, pombais, fontes, lavadoiros e muíños que constitúen unha parte destacada da arquitectura popular. Cóntase tamén con aloxamentos en casas de turismo rural e hoteis. Como

feito histórico, o tempo que viviu a escritora máis importante do romanticismo nacional Rosalía de Castro (S. XIX).

- No concello hai preto dunha centena de asociacións culturais, deportivas as máis numerosas e séguelle as Asociacións de Veciños. Dúas escolas de Educación Infantil municipais ( o concello ten cedida unha parcela para a construción dunha nova gardería en Bertamiráns ) un centro de educación infantil e outro de educación Primaria no Milladoiro, un CPI concertado en Biduído, un CEIP en Barouta, dous CEIP en Ortoño( Bispo Guerra Campos e Agro do Muíño ), centros de Educación Infantil adscritos aos CEIP e o IES de Ames en Bertamiráns ao que está adscrito o noso centro.
- O Concello conta cunha poboación que supera os 23.000 habitantes e conta con 1.000 microempresas, 40 pequenas e medianas empresas, con menos de 250 asalariados e ao redor de 1.000 establecementos. Nos últimos anos increméntase moi notablemente a poboación emigrante procedente de hispanoamérica, Europa do leste e outras nacionalidades. Existe moi escaso nivel de delincuencia.
- **Incardinación e contribución:**
  - Fomentar a utilización por parte do resto dos mestres das tecnoloxías audiovisuais ou informáticas na súa actividade docente.
  - Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro e velar polo seu cumprimento.
  - Incardinación co plan EDIXGAL
- **Contribución do PD á Programación Xeran Anual no curso 22/23**
  - Cumprimentos das propostas presentadas no Plan de Acción

### 1.3 Breve xustificación do mesmo

- **Marco Lexislativo:**
  - Artigo 111 bis Tecnoloxías da Información e comunicación.
    - As condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumpran os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes sistemas empregados no sistema educativo estatal.

- Faise referencia aos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e ao seu emprego dentro da vida académica.
  - Faise fincapé na necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe procurando a eliminación de condutas de risco.
  - As administracións educativas revisarán os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.
  - As administracións educativas velarán polo acceso de todo o estudiantado aos recursos dixitais precisos que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os escolares.
- Artigo 121 O proxecto educativo de Centro
    - proxecto educativo de centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro de acordo co establecido no artigo 111bis.5.
  - Artigo 132 competencias da dirección dos centros
    - Inclúe dentro das competencias das persoas directoras promover a innovación e experimentación con novos métodos de ensino encamiñados a acadar os obxectivos propostos no PEC.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

#### 1.4 Proceso de elaboración

- Realización da análise da situación do centro (SELFIE)
- Realización da diagnose de situación do centro. (DAFO)
- Realización do Plan de Acción.
- Elaboración final do Plan Dixital de Centro

## 2 Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O noso centro conta cun ordenador por aula e departamento, así como cunha aula de informática.
- Dispoñemos de conectividade WiFi en todos os espazos e conexión fixa nas aulas e departamentos
- Así mesmo nas aulas dispoñemos de canóns e pantallas dixitais.
- A Administración do Centro conta con 4 ordenadores.

Todos os equipo das aulas e departamentos contan con conectividade a unha fotocopiadora (excepto as aulas EDIXGAL). Igualmente, os equipos administrativos teñen a súa disposición dous equipos de copia multifunción.

O Centro pertence a EDIXGAL e utilízanse servizos como Aqueiro, Aula Virtual, EspazoAbalar e Abalarmobil e Meiga (actualmente KOHA)

Ata agora o mantemento do equipamento informático facíase por medio dunha empresa externa. Agás as aulas EDIXGAL que se leva acabo polo servizo PREMIUM da Xunta.

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	0				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	3.6				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	4.3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	0				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	0				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	3.3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	0				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	4.1				

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>24</u>	<u>37</u>	<u>64.9%</u>
PROVISIONAL	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>5</u>	<u>6</u>	<u>83.3%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0</u>

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75.2	B1	76.4	B1

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	74	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim	80	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0
A2	16	48.5
B1	7	21.2
B2	8	24.2%
C1	2	6.1%
C2	0	0
TOTAL	33	100%

## 2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispositivos para o ensino e a aprendizaxe.	Asistencia técnica deficiente. Equipos obsoletos. Falta de repositorios en liña no propio centro.
	PERSOAL DOCENTE	Coñecemento e uso de recursos educativos en liña.	Non se empregan TIC para a avaliación do alumnado. Non hai un uso xeralizado de entornos virtuais de aprendizaxe
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Sentimento de que se fomenta a creatividade, a implicación e o fomento do uso das TIC Aprender un comportamento seguro en redes e a verificación da calidade da información.	Non se facilita o traballo colaborativo por medio das TIC. Non se fomenta a autoavaliación por medio das TIC nin a autorreflexión sobre a aprendizaxe. Non hai proxectos interdisciplinares en marcha co uso das TIC.
	FAMILIAS	Plena comunicación por medio das TIC.	
	OFERTA	O proxecto EDIXGal promove o uso das TIC nas familias.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Non se empregan as tecnoloxías para avaliar as capacidades do alumnado. Falta de estratexia dixital.



EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Elaboración do propio plan dixital. Docentes teñen acceso a actividades de formación por parte de Consellería.	Carencia de tempo para explorar diferentes recursos. Falta de personalización dos recursos económicos e materiais.
	LEXISLACIÓN		Constante cambio legislativo e curricular complica a innovación e implementación de estratexias conxuntas de aprendizaxe.
	CONTORNA		Certas familias cun alto analfabetismo dixital.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

### 3 Plan de

### Acción

#### 3.1 Obxectivos

"Área/s de mellora": E: pedagogía , apoios e recursos							
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Potenciar o uso xeralizado de entornos virtuais de aprendizaxe.					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC ( <i>aínda que cada profes será o responsable da súa aula, a coordinación será do equipo TIC</i> )					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	1- Número de aulas que empregan habitualmente a AV						
<b>Valor de partida (3)</b>	1- 1 cada mes o 40% de aulas emprega a AV						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1- 1 cada quincena o 100% de aulas empregan a AV						
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
<b>AO1.1:</b> Organización correcta da estrutura xeral das aulas virtuais. E matriculación de todo o profesorado e alumnado.	Equipo TIC	Finais de setembro	Aula virtual activa, usuarios de alta e conectividade.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO1.2:</b> Formación dos usuarios docentes na creación e modificación de Actividades e Recursos para a aula virtual.	Equipo TIC/formadores externos	Fin de curso	Curso de formación en Actividades e Recursos da aula virtual.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO1.3:</b> Integración das Actividades e Recursos da aula virtual no día a día do alumnado.	Claustro	Fin de Curso	Equipos informáticos nas aulas e, de ser posible, nas casas.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": C: Infraestruturas e equipamento							
<b>2 OBXECTIVO (1):</b>	Renovar e/ou optimizar os equipos tecnolóxicos do centro.					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	1- Número de incidencias resoltas/2- Grao de satisfacción docente.						
<b>Valor de partida (3)</b>	1- 5 meses sen solucionar problemas graves de funcionamento. 2- Resignación.						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 semana para solucionar problemas urxentes. 2- Satisfeito.						
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
<b>AO2.1:</b> Elaboración dun manual para solucionar incidencias básicas.	TIC + Empresa Mantemento	Decembro 2022	Persoal con coñecementos TIC		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO2.2:</b> Contratación dunha empresa externa para o mantemento do hardware.	TIC + Equipo Directivo	Outubro 2022	Orzamento específico		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO2.3:</b> Deseño dunha enquisa trimestral de satisfacción	TIC	Novembro 2022	Equipo TIC		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO2.4:</b> Traslado da enquisa ao Claustro e procesamento dos datos.	TIC	Revisión trimestral ao longo do curso.	Equipo TIC e colaboración do Claustro.		Realizada		
					Aprazada		

					Pendente	
--	--	--	--	--	----------	--

### 3.2 Necesidades de equipamento e infraestruturas

É lóxico que para levar a cabo unha implementación do PDC é necesario GARANTIZAR que o profesorado dispoña duns equipos actualizados e funcionais para unha labor efectiva sen preocuparse continuamente de arranxar múltiples incidencias e avarías. Por todo isto propoñemos:

**Aula de Informática:** Renovación total da Aula cambiando todos os equipos por ter como mínimo máis de 10 anos de antigüedad.

**Aulas:** Reemplazo de 13 equipos (Primaria e Infantil) fixos por estar moi obsoletos (10 anos).

**Equipo Directivo:** Cambio de 2 equipos por obsoletos (10 anos).

**Pantallas e proxectores:** Necesidade de cambiar 5 proxectores así como o seu cableado por falta total de luminosidade

**Audio:** Necesidade de 21 equipos de altavoces por falta de calidade es potencia nos existentes.

**Departamentos:** Renovación de 5 equipos (Departamentos de PT, AL, Orientación e Música) xa que os actuales teñen máis de 10 anos de atingüedad)

**Recomendárase** ter un conxunto de 25 equipos portátiles co seu carro de carga para poder transportar ás aulas e que o alumnado poida usalos en certos momentos do seu proceso de aprendizaxe.

## 4 Avaliación do plan

As datas e procedementos para a avaliación do Plan son as reflexadas na táboa do Plan de Acción.

## 5 Difusión do plan

Comunicar ó Claustro e ó Consello Escolar, igualmente valorarase a súa inclusión no PEC.